

2. A comisión técnica permanente estará presidida polo director do Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses e integrada polos representantes dos laboratorios das forzas e corpos de seguranza e polo facultativo designado polo Instituto Nacional de Toxicoloxía e de Ciencias Forenses, que tamén actuará como secretario.

**Artigo 7. Colaboración e asesoramento.**

A comisión, por iniciativa do seu presidente, poderá solicitar a colaboración e o asesoramento do persoal adscrito aos distintos laboratorios de análise do ADN con fins de investigación criminal ou de identificación de desaparecidos, así como das bases de datos de ADN, para o exercicio das súas funcións.

**Artigo 8. Procedemento de avaliación de laboratorios de análises de ADN.**

1. A Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN propondrá aos laboratorios que pretendan realizar contrastes de perfís xenéticos na investigación e persecución de delitos e na identificación de cadáveres o desenvolvemento das medidas de garantía da calidade que estableza a norma europea de acreditación vixente. Para tal fin establecerá os prazos pertinentes para facer efectiva a adecuación dos laboratorios á dita norma, así como o procedemento de avaliación e documentación.

2. En calquera caso, os laboratorios someteranse aos controis periódicos de calidade que deban efectuarse de acordo coa norma europea de acreditación vixente.

3. No caso de que se detecten deficiencias nestes controis periódicos, a Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN requirirá o laboratorio de que se trate para que aquelas sexan reparadas nun prazo de dous meses.

4. No caso de que un laboratorio non repare as deficiencias detectadas, a Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN retirarlle a acreditación, sen que o laboratorio poida solicitar unha nova ata que se repare a causa que a determinase.

Contra esta resolución da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN poderase interpor recurso de alzada ante o secretario de Estado de Xustiza.

**Disposición adicional única. Apoio administrativo.**

O Instituto Nacional de Toxicoloxía proporcionarlle á Comisión Nacional para o Uso Forense de ADN os medios persoais e materiais necesarios para o eficaz desenvolvemento das súas funcións.

**Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.**

Autorízanse os ministerios de Xustiza e do Interior para ditaren as disposicións precisas para o bo funcionamento da Comisión Nacional para o Uso Forense do ADN.

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**20104** *ORDE EHA/3598/2008, do 18 de novembro, pola que se modifica a Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados. («BOE» 299, do 12-12-2008.)*

A aprobación dun novo Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo, exige a modificación de certos artigos do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, así como da súa normativa de desenvolvemento.

A Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, fai alusión a determinados aspectos contables. A modificación da orde obedece á necesaria adaptación que debe existir entre a orde e o novo Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, mantendo o réxime de garantías de solvencia destas.

A disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, habilita o ministro de Economía e Facenda para desenvolver o seu regulamento en canto sexa necesario e así se prevexa nel. A disposición derradeira segunda do Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, habilita o ministro de Economía e Facenda para realizar o desenvolvemento normativo das disposicións contidas no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, en canto sexa necesario para a súa mellor execución e desenvolvemento.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único. Modificación da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados.**

Dáselle unha nova redacción ao artigo 3 da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, coa cal se modifica o seu punto 2, se suprime o actual punto 6 e se renumeran os puntos seguintes, de forma que o artigo pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Adecuación dos investimentos asignados a determinadas operacións de seguro en función da relación entre valores actuais dos investimentos e as obrigas, e do tratamento dos riscos inherentes á operación.*

1. As operacións a que se refire o artigo 33.2.b) do regulamento, no que se regula o tipo de xuro aplicable para o cálculo da provisión de seguros de vida, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) O valor actual dos fluxos de cobramento procedentes dos investimentos asignados á operación de seguro debe ser en todo momento igual ou superior ao valor actualizado dos fluxos probables correspondentes ás obrigas derivadas dos contratos, determinado a tipos

de xuro de mercado correspondentes ao prazo de cada fluxo.

b) As duracións financeiras corrixidas dos activos e os pasivos, calculadas a tipos de xuro de mercado, non poderán diferir entre si máis dun 20 %. Esta condición verificarase mediante a seguinte expresión:

$$0,8 \leq \frac{\text{Duración\_Corrixida\_Activos}}{\text{Duración\_Corrixida\_Pasivos}} \leq 1,2$$

c) A sensibilidade, ante variacións dos tipos de xuro, dos valores actuais de activos e pasivos deberá ser equivalente. Para estes efectos deberanse analizar as variacións que se produzan nos valores actuais de activos e pasivos ante perturbacións, de magnitude de cen puntos básicos, nos tipos de xuro da curva utilizada correspondentes aos prazos que se consideren máis representativos, debendo efectuarse a análise para os prazos correspondentes ao primeiro e último dos fluxos previstos e para, polo menos, dous puntos intermedios máis da citada curva, de forma que exista entre cada un dos puntos analizados unha distancia temporal de non menos de dous anos. Considerarase que as mencionadas perturbacións, introducidas nun só punto concreto da curva, se transmiten, atenuadas proporcionalmente, a todos os puntos que se atopan entre o considerado e o anterior e posterior. Cando o prazo residual da operación sexa inferior a seis anos, deberase efectuar a análise nos extremos da curva de tipos de xuro e en, polo menos, un punto intermedio; cando o devandito prazo sexa igual ou inferior a catro anos abundará con efectualo con referencia aos extremos do citado prazo residual.

Para os efectos desta alínea c) consideraranse sensibilidades equivalentes aquelas en que o cociente das variacións relativas dos valores actuais dos activos entre as variacións relativas dos valores actuais dos pasivos oscile entre 0,8 e 1,2.

A expresión mediante a cal se verificará o cumprimento das condicións de equivalencia, en canto á sensibilidade, para cada un dos puntos considerados máis representativos, nos termos recollidos neste parágrafo c), será:

$$0,8 \leq \left( \frac{\text{Variación\_VA\_de\_Activos}}{\text{VA\_de\_Activos}} \right) \div \left( \frac{\text{Variación\_VA\_de\_Pasivos}}{\text{VA\_de\_Pasivos}} \right) \leq 1,2$$

onde:

Variación\_VA\_de\_Activos = valor actual dos fluxos de activos antes da perturbación menos o valor actual deses mesmos fluxos de activos despois da perturbación.

Variación\_VA\_de\_Pasivos = valor actual dos fluxos de pasivos antes da perturbación menos o valor actual deses mesmos fluxos de pasivos despois da perturbación.

VA\_de\_Activos = valor actual dos fluxos de activos antes da perturbación.

VA\_de\_Pasivos = valor actual dos fluxos de pasivos antes da perturbación.

Nestes cálculos utilizaranse os tipos de xuro de mercado.

Malia o anterior, tamén se considerará que as sensibilidades son equivalentes se se verifica que:

$$\left( \frac{\text{Variación\_VA\_de\_Activos}}{\text{VA\_de\_Activos}} \right) - \left( \frac{\text{Variación\_VA\_de\_Pasivos}}{\text{VA\_de\_Pasivos}} \right) < \text{Parámetro}$$

En cada escenario de análise, o valor do parámetro dependerá do número de anos afectados pola perturbación da curva do tipo de xuro, segundo a seguinte escala:

Parámetro	Número de anos
0,0010	5 ou superior
0,0008	4
0,0003	3
0,0001	2 ou inferior

Para un número de anos intermedio entre os niveis anteriores, o valor do parámetro obterase por interpolación lineal.

Para a aplicación do disposto neste artigo, a entidade deberá remitir á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o soporte técnico e as definicións dos conceptos financeiros utilizados. En particular, a indicada información deberá detallar:

- 1.º A curva de tipos de xuro utilizada.
- 2.º A definición da duración financeira e o método utilizado para o seu cálculo.
- 3.º Os criterios utilizados para a selección dos tipos de xuro representativos e para a correspondente análise de sensibilidades.

2. Os activos que se poderán utilizar serán os previstos no artigo 2.2. Non obstante, e cos mesmos requisitos de cualificación, poderanse utilizar valores negociables de renda variable que se negocien en mercados regulados, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) En ningún caso poderá estar investido en renda variable un importe superior ao 25 por 100 do valor da provisión matemática ao comezo da operación de seguro.

b) Os valores negociables de renda variable utilizaranse para a cobertura de pasivos con vencemento superior a dez anos desde a adquisición dos mencionados valores. En consecuencia, non se poderá investir inicialmente en renda variable un importe superior ao valor actual das prestacións e gastos que se vaian satisfacer a máis de dez anos desde o inicio da operación de seguro, nin as adquisicións posteriores poderán facer que o volume total do investimento supere, no momento en que se efectúen, o valor actual das prestacións e gastos con vencemento superior a dez anos no devandito momento.

c) En ningún momento o investimento en renda variable superará o 50 por 100 da provisión matemática.

d) Minimizarase o risco específico dos valores mediante a súa diversificación. As accións deberán ter unha frecuencia de negociación superior ao 80 por 100 dos días hábiles no último trimestre no mercado regulado en que se negocien e deberase procurar, ademais, unha razoable diversificación por sectores de actividade.

e) Para os efectos do punto 4.a), a rendibilidade que se asignará á renda variable non superará a taxa de rendibilidade media das obrigas do Estado con duración inicial equivalente ou máis próxima á de cada un dos fluxos pasivos que se estean a cubrir cos valores de renda variable, ponderada polos prazos e importes correspondentes aos devanditos fluxos, e medida no momento da adquisición dos citados valores.

f) Cando resten cinco anos para o vencemento das prestacións cubertas con renda variable, e polo importe da diferenza entre a provisión matemática de toda a operación de seguro e o valor contable dos activos de renda fixa definido no artigo 2.6, máis o valor de mercado dos de renda variable, a entidade asignará outros activos, non computados para cobertura do resto de provisións técnicas da entidade, que pertencen a algunha das categorías a que se refire o artigo 2.2, os cales quedarán afectos a

estas operacións. O importe que se vai asignar será dun quinto da diferenza cando resten cinco anos, un cuarto cando resten catro anos, un terzo cando resten tres anos, a metade cando resten dous anos e a totalidade cando reste un ano.

g) As plusvalías, a rendibilidade por dividendos, a venda dos dereitos de subscripción e calquera outro rendemento xerado pola carteira que, se é o caso, se materialice asignaranse unicamente a estas operacións.

h) Se durante o exercicio económico a diferenza entre as plusvalías e as minusvalías derivadas do alleamento de títulos de renda variable for negativa, a entidade deberá asignar polo devandito importe novos activos a estas operacións, de entre os pertencentes a algunha das categorías a que se refire o artigo 2.2.

i) Para os efectos da verificación do cumprimento dos requisitos contidos no punto 1, non se computarán os pasivos que se pretendan cubrir con renda variable.

j) No caso de se producir exceso na cobertura das provisións técnicas atribuídas a estas operacións de seguro, non se poderá computar o devandito exceso para a cobertura doutras provisións técnicas.

3. Polo menos ao final de cada trimestre natural verifícaranse os requisitos enumerados anteriormente, e procederase, de ser o caso, á adecuación dos activos e pasivos, do que quedará constancia no libro de investimentos. De se incumprir algún dos requisitos, a entidade indicará no dito libro, con especificación das actuacións oportunas para a súa reparación. Tanto a verificación como a indicación do seu resultado no libro de investimentos deberán estar completadas transcorridos tres meses desde o final de cada trimestre natural. Se despois doutros tres meses continuar sen se reparar o incumprimento posto de manifesto, resultará aplicable o disposto no artigo 33.4 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, agás que se xustifiquen axeitadamente ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as medidas que se van adoptar. Malia o anterior, en relación coas duracións financeiras, estas axustaranse, como mínimo, cada dúas revisións trimestrais.

4. O tipo de xuro que se aplicará no cálculo da provisión matemática obterase a través das seguintes fases:

a) Determinarase o valor actual dos activos actualizando os seus fluxos ao tipo de xuro que resulte de multiplicar a súa taxa interna de rendibilidade deducida do seu prezo de adquisición, polas seguintes porcentaxes: 93, 90 e 87 por 100, segundo os valores pertencen aos grupos 1 a 3 de entre os enumerados no artigo 17. No caso das participacións en fondos de investimento, incluídas as equiparables á tesouraría, aplicaranse as porcentaxes correspondentes á cualificación crediticia da entidade xestora ou, no seu defecto, o 87 por 100. No caso de activos financeiros estruturados non negociables aplicaranse as porcentaxes que correspondan á cualificación crediticia da estrutura ou, no seu defecto, á cualificación crediticia media que corresponda aos colaterais e ás permutas de fluxos certos ou predeterminados realizadas con entidades financeiras. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá por resolución a sistemática e o modo de aproximar a cualificación crediticia media.

Para os efectos anteriores, á rendibilidade asignada aos valores de renda variable de conformidade co punto 2 aplicaráselle en todo caso o 93 por 100. Esta mesma porcentaxe tamén se aplicará ás participacións en institucións de investimento colectivo recollidas no punto 6.

b) O tipo de xuro que se utilizará no cálculo da provisión matemática será a taxa interna de rendibilidade implícita resultante de comparar os valores actuais determinados conforme a alínea anterior cos cobramentos procedentes dos valores en carteira, considerando como

procedentes da renda variable os correspondentes á rendibilidade atribuída a ela.

5. Así mesmo, será aplicable neste caso o disposto no artigo 2 desta orde en relación co valor contable dos activos afectos, unicamente no caso dos valores de renda fixa. Para os de renda variable computarase para os efectos de cobertura o seu prezo de adquisición máis a rendibilidade atribuída neta dos dividendos percibidos.

6. As referencias feitas nos puntos anteriores á renda variable deben entenderse tamén realizadas ás accións e participacións en institucións de investimento colectivo de carácter financeiro que garantan o seu reembolso diariamente e aos fondos de investimento cotizados.

7. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá desenvolver mediante resolución as particularidades operativas e as obrigas de información das operacións a que se refire este artigo».

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 31 de decembro de 2008.

Madrid, 18 de novembro de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

## XEFATURA DO ESTADO

**20149** *REAL DECRETO LEI 10/2008, do 12 de decembro, polo que se adoptan medidas financeiras para a mellora da liquidez das pequenas e medianas empresas, e outras medidas económicas complementarias.* («BOE» 300, do 13-12-2008, e «BOE» 304, do 18-12-2008.)

Nos últimos meses veuse deteriorando profundamente a situación dos mercados financeiros internacionais, co conseguinte impacto negativo sobre a actividade económica real e sobre a confianza dos axentes económicos. Unha das consecuencias máis destacables da crise financeira é a diminución da capacidade das entidades financeiras para captaren recursos nos mercados de capitais. A incerteza sobre os riscos de crédito e contrapartida distorsionou o bo funcionamento dos mercados, dificultando a captación de recursos por parte das entidades financeiras e, en último termo, o financiamento a empresas e familias.

Aínda que as entidades de crédito españolas se atopan nunha posición sólida, non son inmunes á situación dos mercados financeiros internacionais, o que está a provocar importantes restricións no acceso ao crédito para empresas e familias. En particular, a actividade das empresas está vinculada á dispoñibilidade de crédito suficiente no mercado, tanto para atender os seus proxectos de investimento como os seus gastos operativos, o que ten importantes implicacións para a actividade económica, tanto a curto prazo como para o potencial de crecemento a medio e longo prazo.

Ante as circunstancias extraordinarias que se están a producir nos mercados financeiros, os gobernos europeos e, en particular, o Goberno español viñeron adoptando un conxunto de medidas excepcionais cuxo obxectivo último é permitir que os fluxos de crédito poidan